

do 30 de marzo de 2007 pola que se establecen e regulan axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono, procédese pola presente resolución á publicación do extracto das axudas outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ao abeiro da Orde do 30 de marzo de 2007 pola que se establecen e regulan axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono.

Deste xeito, cómpre sinalar, polo que atinxe ás axudas concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, o seguinte:

a) Norma reguladora da convocatoria: Orde do 30 de marzo de 2007 pola que se establecen e regulan axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono.

b) Aplicación orzamentaria: 15.02.541B.781.0.

c) Crédito orzamentario: 160.000 €.

d) Destinatarios: titulares de terreos cinexeticamente ordenados de carácter societario.

e) Beneficiarios, importe e finalidade das axudas: no anexo.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2007.

Xosé Benito Reza Rodríguez
Director xeral de Conservación da Natureza

ANEXO

Beneficiario	CIF	Importe da axuda (€)	Finalidade da axuda
<i>Sociedade de Cazadores Santa Mariña</i>	G-27227461	18.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Sociedade de Cazadores de Xesta e Seixido</i>	G-36196137	18.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Asoc. Cazadores Coto Suido</i>	G-36410769	18.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Sociedade de Caza San Hubeto Pontecesures</i>	G-36055812	18.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Sociedad de Caza San Cibrao-Catoira</i>	G-36126712	18.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Sociedad de Caza La Fornelensa</i>	G-36158632	18.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Sociedade de Caza Castro Marcelin</i>	G-36225621	18.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Sociedade de Cazadores Vila de Cruces</i>	G-36127280	17.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
<i>Sociedade de Caza Castro Marior-A Gracia</i>	G-15796626	17.000	Conservación e recuperación do coello de monte autóctono
Total.....		160.000	

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 17 de decembro de 2007 pola que se publica a concesión de premios, a teses de doutoramento e traballos de investigación realizados no eido do consumo, convocados pola Resolución do 4 de setembro de 2007.

Por Resolución do 4 de setembro de 2007 (DOG nº 178, do xoves 13 de setembro), o Instituto Galego de Consumo convocou un concurso de premios dirixido a premiar as teses de doutoramento e traballos de investigación realizados no eido do consumo. Vista a proposta do xurado, efectuada segundo o disposto no artigo 12 da Resolución do 4 de setembro de 2007,

RESOLVO:

Facer pública a concesión dos premios ás teses de doutoramento e traballos de investigación presentados conforme a Resolución do 4 de setembro de 2007 que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2007.

Emilio Nogueira Moure
Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

-Modalidade A: teses de doutoramento.

Primeiro premio:

Título: *Development of laser-induced fluorescence methods as a powerful tool for chromatographic analysis in food safety.*

Autor: Xesús Feás Sánchez.

Dotación: 3.000 euros.

Accésits:

Título: *Cryptosporidium en moluscos bivalvos.*

Autor: Hipólito Gómez Couso.

Dotación: 1.000 euros.

Título: *Desarrollo de metodoloxías para la determinación de metales en miel mediante ETAAS y estudio quimiométrico de su empleo como bioindicador.*

Autor: Juan Carlos Rodríguez García.

Dotación: 1.000 euros.

-Modalidade B: traballos de investigación.

Primeiro premio:

Título: *Imos á publicidade. Elaboración dun material educativo audiovisual para a identificación de contravalores na publicidade de televisión.*

Autora: Marta María Moro Rodríguez.

Dotación: 3.000 euros.

Accésits:

Título: *Estudo de polifenoles en viños brancos galegos e determinación da súa actividade antioxidante.*

Autora: Ana Rodríguez Bernaldo de Quirós.

Dotación: 1.000 euros.

Título: *Valoración analítica do cefalotórax do can-grexo vermello (Chinocetes opilio) para o seu aproveitamento en pensos destinados á acuicultura.*

Autora: María Vilasoa Martínez.

Dotación: 1.000 euros.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 13 de decembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala superior de estatísticos.

De conformidade co establecido no Decreto 65/2007, do 12 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas prazas de corpos e escalas de Administración xeral e especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 (*Diario Oficial de Galicia* nº 72, do 13 de abril), esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia,

DISPÓN:

Convocar proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala superior de estatísticos, con suxeición ás seguintes:

Bases da convocatoria.

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de catro (4) prazas do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, escala superior de estatísticos, polos sistemas de promoción interna e de acceso libre, polo procedemento de oposición.

O corpo superior, de conformidade coa disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, é equivalente ao subgrupo A1.

I.1.1. O número total de vacantes reservadas ao sistema de promoción interna ascenderá a unha (1) praza, correspondente ao 25% do total de vacantes. O número total de vacantes reservadas ao sistema de acceso libre ascenderá a tres (3) prazas.

Se as prazas reservadas ao sistema de promoción interna non se cubrisen, acumularanse ao sistema de acceso libre.

I.1.2. De conformidade coa disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e co Decreto 65/2007, do 12 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, do total de prazas reservase unha (1) do sistema de acceso libre para ser cuberta por persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

De acordo co establecido na disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio, no suposto de que esta praza non se cubra, acumularase á cota do 7% da oferta seguinte, cun límite máximo do 12%. Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con discapacidade que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fora superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso libre, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso libre.

I.1.3. Os/as aspirantes só poderán participar nun dos dous sistemas. Se da instancia que se presente non se deduce a súa opción, serán excluídos/as nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídos. Polo tanto, tras a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, non se permitirá ningún cambio de quenda posterior ou calquera tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

I.1.4. A este proceso selectivo seralle aplicable a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia; a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos dos candidatos/as.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e